

Lingua galega e literatura

Unidade 9: A poesía do 1/3 do XX

IES Lamas de Abade
Curso 2023 / 2024

Contexto. Feitos relevantes

-1906: RAG



REAL ACADEMIA GALEGA

-1916: Irmandades da Fala



-1920: revista *Nós*

-1923: Seminario de Estudos Galegos / Ditadura de Primo de Rivera

-1931: II República

-1936: Guerra Civil



1923 > 2023
Centenario
do Seminario
de Estudos
Galegos

Contexto social.

Esmorecemento da vella sociedade agraria:

- A redención de foros do ano 1926 fai que a **fidalgúa** vaia desaparecendo.

- A **burguesía** e a clase media comeza a medrar.

- O **campesiñado** a través de sociedades ou sindicatos agraristas (Acción Gallega de Basilio Álvarez) foi quen reivindicou a redención de foros.

- O **proletariado** nace vinculado ao sector industrial crecente, aumentando, así, a desruralización, abandonándose os labores da agricultura e a pesca.

Contexto social.

-A modernización da economía posibilitou melloras na estrutura produtiva do país (gandeiría, agricultura ou industria).

-Mais a emigración continúa, prodúcese migración interior e emigración a América (Arxentina, Brasil ou Cuba)

Fonte: Manuel Ferrol



Contexto político e cultural.

Neste período consolídase o nacionalismo. Os movementos e organización máis salientables:

- Irmandades da Fala (1916)
- A xeración Nós
- O SEG (1923)
- O Partido Galeguista (1931)

Contexto político e cultural.

Neste período consolídase o nacionalismo. Os movementos e organización máis salientables:

-Irmandades da Fala (1916-1931): autonomía integral para Galiza, cooficialidade lingüística de galego e castelán, igualdade de dereitos entre home e muller.

O seu órgano de expresión é o periódico *A Nosa Terra*.

Persoeiros

Antón Villar Ponte, Ramón Cabanillas

Contexto político e cultural.

Neste período consolídase o nacionalismo. Os movementos e organización máis salientables:

-**Xeración Nós** (1920): Grupo de persoas centradas no ámbito literario e cultural. Ten o mérito de conectar a cultura galega coas correntes mundiais máis avanzadas.

Comezaron a empregar a lingua galega no ensaio, na narrativa...

Persoeiros

Otero Pedrayo, Risco ou Castelao

Contexto político e cultural.

Neste período consolídase o nacionalismo. Os movementos e organización máis salientables:

-Seminario de Estudos Galegos (1923-1936):
Grupo de investigación formado principalmente por universitarios, estes traballaron en distintos campos do saber (historia, xeografía, economía, etnografía, arqueoloxía...)



Contexto político e cultural.

Neste período consolídase o nacionalismo. Os movementos e organización máis salientables:

-Partido Galeguista (1931-1950): Partido político ao que lle debemos o Estatuto de Autonomía de 1936 (cooficialidade, introdución do galego no ensino e na administración ou a potenciación de seu uso).

Persoeiros

Castelao e Alexandre Bóveda


Situación lingüística.

Contexto diglósico onde o **castelán** segue o seu ascenso social e pérdense monolingües en galego.

O **galego** comeza a se proxectar como lingua culta, agora podemos falar de lingua moderna e universal.

Datos significativos

- *Creación da RAG, das IF ou do SEG
- *Obxecto de numerosos estudos
- *Gaña novos espazos culturais
- *Utilizado en actos públicos



A poesía das Irmandades.

*Creación de editoriais, revistas, xornais, agrupacións artísticas...

*As escritoras / es deste período están comprometidos coa lingua e co nacionalismo e exploran novos estilos, novos temas, novos xéneros.

*Sen renunciar ao legado decimonónico, prodúcese un fastamento da tradición literaria.

*Os autores máis destacados son:
Ramón Cabanillas e Antonio Noriega Varela.



A poesía das Irmandades. NORIEGA VARELA

* O poeta da montaña

*Entrou en contacto con figuras políticas e literarias do galeguismo como Antón Villar Ponte ou Otero Pedrayo.

***Do ermo**, 1904, 1910, 1920, 1929 e 1946.

Liñas poéticas

1. Costumismo e ruralismo, estética do XIX.

2. Lirismo da natureza: mesmos motivos, mais agora adopta un ton íntimo e emotivo (franciscanismo). A partir de 1920 inclúe os sonetos.



A poesía das Irmandades. NORIEGA VARELA



A poesía das Irmandades. RAMÓN CABANILLAS

*O poeta da Raza.

*En Cuba entrou en contacto con galeguistas emigrados e animouse a escribir en galego.

*Ao regresar colabora coas IF (co teatro ou n'*A Nosa Terra*).

*1920, entra na RAG e en 1929 na RAE.



A poesía das Irmandades. RAMÓN CABANILLAS

INFLUENCIAS

- *Poesía clásica greco-latina.
- *Poesía do Rexurdimento.
- *Modernismo.
- *Romanticismo europeo e os simbolistas e Post-simbolistas.
- *Saudosismo portugués.
- *Tradición folclórica galega. (*Antífona da cantiga*)



A poesía das Irmandades. RAMÓN CABANILLAS

ETAPAS

***De formación / pregaleguista:** *No desterro* (1913) e *Vento mareiro* (1915). Influencia formal de Rosalía, de Curros, do modernismo; a temática é intimista ou poesía social.

***Galeguista:** *Da terra asoballada* (1917) [*A man da santiña* (1926)]. Amosa o ideario das IF: celtismo, importancia do idioma na configuración da nación...

***Mitolóxica:** Reconstrúe o pasado mítico de Galiza cunha lingua poética moi elaborada. *Na noite estrelecida* (1926), [o drama *O mariscal* (1926)].

***De posguerra:** *Camiños no tempo* (1949), *Antífona da cantiga* (1951), *Da miña zanfona* (1954) e *Samos* (1958).

A poesía das Irmandades. RAMÓN CABANILLAS

PREGUNTA 5. Educación literaria:

5. Contextualice historicamente o seguinte poema e identifique e analice dúas características literarias do seu autor presentes nel. Indique outros dous poetas desta mesma época pero de movementos literarios diferentes e explique brevemente en que se basea esta diferenza. (Extensión aprox. 250 palabras) **(2,5 puntos)**

¡Irmáns! ¡Irmáns galegos!
Dende Ortegá ó Miño
a folla do fouciño
fagamos rebrilar!

Que vexa a Vila podre,
coveira da canalla,
a Aldea que traballa
disposta pra loitar.

Antes de ser escravos,
¡irmáns, irmáns galegos!
que corra o sangue a regos
dende a montaña ó mar.

¡Ergámonos sin medo!
¡Que o lume da toxeira
envolva na fogueira
o pazo señorial!

Xa o fato de caciques,
ladróns e herexes fuxe
ó redentor empuxe
da alma rexional.

Antes de ser escravos,
¡irmáns, irmáns galegos!
que corra a sangue a regos
dende a montaña ó val.

Ramón Cabanillas. "Himno de Acción Galega". *Vento mareiro* (1915)

A poesía das Irmandades. RAMÓN CABANILLAS

CLASIFICACIÓN

***Poesía lírica:** *No desterro, Vento mareiro, Da terra asoballada, A rosa de cen follas ou Da miña zanfona.*

***Poesía narrativa:** *O bendito San Amaro, Na noite estrelecida, Camiños no tempo e Samos.*

A poesía das Irmandades. RAMÓN CABANILLAS

CLASIFICACIÓN

***Poesía lírica:** reivindicación cívica (Curros, concordan co agrarismo de Basilio Álvarez), intimismo (Rosalía, romanticismo), costumismo (reivindicación das nosas raíces con novidades formais) e modernismo (evasión).

***Poesía narrativa:** *Na noite estrelecida* (materia de Bretaña que relaciona con Galiza, dignificando o noso pasado e os nosos valores culturais. Hai unha gran carga ideolóxica nacionalista).

A poesía das Irmandades. RAMÓN CABANILLAS

Na noite estrelecida

* “A espada Escalibor”: Artur é coroado rei despois de desencravar a espada.

* “O cabaleiro do Sant Graal”: Os cabaleiros van á procura do Graal. Galaaz atópao no Cebreiro.

* “O soño do rei Artur”: O rei Artur despídese e parte a unha misteriosa viaxe da que só regresará nos tempos de gloria.



A poesía das Irmandades. RAMÓN CABANILLAS

Características de *Na noite estrelecida*

* Simbolismo.

* Adxectivación densa.

* Métrica: longas series de pareados alexandrinos.



A poesía das Irmandades. RAMÓN CABANILLAS

Características de *Na noite estrelecida*

* Victoriano Taibo

* Gonzalo López Abente

* Xosé Crecente Vega



A poesía das Irmandades. RAMÓN CABANILLAS

Comentarios de texto literarios:

https://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/lit/comentarios.html



A poesía das vangardas. Contexto

Transformacións sociais, económicas e políticas en toda Europa:

*I Guerra mundial, Revolución bolxevique, éxito dos fascismos...

*Industrialización, avances tecnolóxicos...



A poesía das vangardas. Características

*Antirromanticismo e antisentimentalismo.

*Deshumanización.

*Busca da arte pura (o artista non é un imitador).

*Innovación da lingua figurada (ruptura da orde sintáctica, metáforas de difícil comprensión...).



A poesía das vangardas. Movementos

*Cubismo

*Dadaísmo

*Futurismo

*Surrealismo

*Creacionismo


*Ultraísmo

U... ju ju...
 (Poema futurista)

Terra
 Duas áas diagonaladas d' azur baten no mar
 Sôbor do Atlântico a diástole imensa da raza
 Vapor en todol-os motores do mundo
 Añudadol-os nosos nervos á todol-os fios eléctricos
 Terra
 A Cruña fta as brétemas d' Irlanda
 Vigo os rafa-ceos de Nova York
 GALICIA FOR EVER
 CRUÑA
 Puntos de tensión maxima da vida
 VIGO
 Terra
 Nudo de todol-os fios
 enfiando todal-as vilas do mundo
 Todol-as sirenas a un tempo a sonar
 Trés pintados de sol furando a terra
 no cabo de todol-os paralelos
 Terra
 As flechas das arelas solagadas da Atlántida
 Nas nosas espadañas
 onde repican ó bautizo dos séculos novos
 Antenas pra radiografal-os nosos himnos ás estrelas
 Terra
 Folgos de millás de peitos
 Mañan
 Brinco de todal-as vontades
 Estralar de todol-os mioslos
 Terra
 N. S. E. W.
 Terra
 Chuvia d' estrelas
 Alborada
 Lóstrego
 Rayos X
 Profecía
 Terra
 O ceo rachou d' arriba abaixo
 Terra
 HIP HIP HIP
 HURRA

Vicente Risco en A Nosa Terra, xaneiro de 1920.

CADAVER
 EXQUISITO



MAÑANA
 A ANTONIO M. CUBERO

Las banderas cantaron sus colores
 y el viento es una vara de bambú entre
 El mundo crece como un árbol claro
 Ebrio como una hilece
 el sol toca la diana sobre las azoteas
 el sol con sus espuelas desgarró las
 Como un naipe mi sombra
 ha caído de bruces sobre la carretera
 Arriba el cielo vuela
 y lo surcan los pájaros como noche cerrada
 La mañana viene a pasarse fresca en mi
 Leopoldo

Jorge Luis Borges

A vangardas galegas.

*Tamén coñecida como xeración do 22, xeración do 25 ou novecentistas.

*Autores nados arredor de 1900, moitos deles cultivadores da poesía de vangarda.

*Manuel Antonio, Bouza Brey, Amado Carballo ou Cunqueiro.



A vangardas galegas. Características

*Seguen as vangardas mundiais, mais non son unha copia, presentan novidades (nacionalismo, relación con Portugal e o sentimentalismo).

*Estes autores mantivéronse próximos á tradición e ideosincrasia galegas.

*As revistas foron os seus principais medios de difusión: *Alfar*, *Ronsel*, *Resol* ou *Cristal*.



A vangardas galegas. Conexións

*Tradición poética galega:

Medieval: Neotrobadorismo
S. XIX: Hilozoísmo



*Vangardas internacionais: O creacionismo de Manuel Antonio



A vangardas galegas. Neotrobadorismo

*Difusión da nosa lírica medieval.

*Aparición dunha nova corrente poética, o neotrobadorismo:

- Recréanse temas, ambientes
- Empréganse recursos formais
- Con imaxes vangardistas

*Dos anos 30 até os nosos días.


A vangardas galegas. Neotrobadorismo. Bouza Brey

*Estudou Filosofía e Letras e Dereito na USC, alí contactou con outros galeguistas.

*Cofundador do Seminario de Estudos Galegos.

**Nao senlleira* (1933).

- 20 poemas
- recursos formais da lírica medieval
- esquemas estróficos e rimas populares
- temas: mar, soidade e amor



A vangardas galegas. Neotrobadorismo. Cunqueiro

*Durante a República adscribiuse ao PG, militancia que abandona en 1936.

*En 1961 ingresa na RAG.

*Dedica a súa vida á escrita literaria e xornalística.

*Recibe o título de Doutor Honoris Causa pola USC.



A vanguardas galegas. Neotrobadorismo. Cunqueiro

*Tendencias:

-Vanguardia pura: *Mar ao norde* (cubismo e creacionismo); *Poemas do si e non* (surrealismo)

-Neotrobadorismo: *Cantiga nova que se chama riveira* ou *Dona do corpo delgado*



A vangardas galegas. Hilozoísmo.

*Lírica a medio camiño entre a tradición (conservadurismo da rima, emprego de metros populares) e as vangardas.

*Preséntase unha paisaxe humanizada.

*Imaxes plásticas, visuais e auditivas. **Animismo**

A vangardas galegas. Hilozoísmo. Amado Carballo

Nunha estadía en Madrid contactou con artistas vangardistas. En Pontevedra asistía a faladoiros poéticos.

CARACTERÍSTICAS:

- Humanización da paisaxe natural e rural.
- Aire sensorial e lúdico.
- Imaxe, metáfora e símil que imprimen matices sensoriais.
- Ausencia de artificios sintácticos, brevidade nos períodos e uso de oracións simples.
- Influencia clara do Ultraísmo que impón a supresión do argumento e a preferencia polas metáforas.

OBRAS: *Proel* e *O Galo*



A vangardas galegas. Creacionismo.

- *Creación dunha realidade autónoma.
- *Xustaposición de imaxes.
- *Eliminación do anecdótico e descritivo.
- *Carácter antinarrativo.
- *Antisentimentalismo.
- *Ortografía expresiva: caligramas.

A vangardas galegas. Creacionismo. Manuel Antonio

Cursou a secundaria en Compostela e foi aquí onde xurdiu o espírito galeguista e o seu compromiso coa nosa cultura. Posteriormente cursou Náutica en Vigo.

Coñece as vangardas europeas, o saudosismo portugués ou os haikús xaponeses.

Asina o manifesto *¡Máis alá!* xunto a Álvaro Cebreiro.

Entre 1926 e 1929 viaxa no paquebote Constantino Candeira, aquí xurdiu *De catro a catro* (1928) que dedicou ao capitán do barco.



A vangardas galegas. Creacionismo. Manuel Antonio

ETAPAS:

*1ª etapa.- Combinación de elementos tradicionais (rima, patriotismo), modernistas (ritmo) e vangardistas (disposición gráfica, imaxes).

***2ª etapa.-** *De catro a catro*, ruptura cos esquemas métricos tradicionais, utilización de trazos vangardistas.

*3ª etapa.- Recuperación do ton e da forma poética tradicional.

A vangardas galegas. Creacionismo. Manuel Antonio

De catro a catro:

*19 composicións, estrutura circular. Viaxe (SAÍDA – NAVEGACIÓN - REGRESO) do eu poético que viaxa da ilusión á saudade.

*Unidade temática. Non hai acción.

*Presenza do MAR: dotado de realidade existencial (soidade, saudade, vida, morte...).

*Formalmente: rompe cos esquemas métricos tradicionais e utiliza trazos vangardistas.

